



“O éxito da raza Rubia Galega radica nos seus excelentes rendementos produtivos e cualidades cárnicas”

O presidente da Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega (ACRUGA), César Dorado Pin, reconece nesta entrevista o bo momento que está a vivir a raza Rubia Galega hoxe en día, froito do traballo acometido durante as dúas últimas décadas. Na actualidade, a raza Rubia Galega goza dun elevado status, tanto no panorama nacional como internacional, con presenza en mercados emerxentes da Unión Europea como Polonia, ou mesmo en Sudamérica. Dorado Pin analiza os principais logros acadados ata agora e asegura afrontar a nova etapa, xunto con todo o equipo que compón ACRUGA, con proxectos máis ambiciosos, desde potenciar o programa de mellora da raza a partir da aplicación das novas tecnoloxías, consolidar o rabaño de elite, ofrecer novas prestacións de interese para o gandeiro e desenvolver actuacións para valorizar a produción e comercialización da carne de Rubia Galega, grazas en parte, ao convenio asinado coa IXP Ternera Gallega. Ademais de consolidar a colaboración entre ambas entidades, o acordo contempla a creación da marca Ternera Gallega Suprema-Carne de Rubia Galega, que representa a máxima esencia da produción cárnica galega.



Hai xa máis de 40 anos que naceu ACRUGA co obxectivo de recuperar e potenciar a raza Rubia Galega. ¿Que balance fai da súa evolución? ¿Onde se pode atopar, na actualidade, a nivel nacional? ¿E a nivel internacional?

A raza Rubia Galega está vivindo actualmente uns momentos de esplendor, froito do traballo incansable ao longo da súa historia.

Nestes 40 anos houbo liñas de actuación afortunadas e outras non tanto, e ata algúns tropezos, pero como dos erros tamén se aprende, hoxe a raza está situada entre as mellores do sector bovino de carne a nivel español, e ata me atrevería a dicir, europeo.

A nivel nacional, é a segunda raza de vacún de carne, tanto en censo de explotacións (preto de 2.800) como de animais (máis de 60.000 cabezas). Ademais de Galicia, a raza Rubia Galega atópase en Castela-León, Castela-A Mancha, Madrid, A Rioxa, Aragón, Estremadura e, desde o ano pasado, en Murcia, concretamente na Granxa Docente da Facultade de Veterinaria desta Comunidade Autónoma, onde ensinan a nosa raza como un exemplo de docilidade e fácil manexo. Dentro da Unión Europea, cabe destacar

a utilización do seme de Rubia Galega para o cruzamento industrial en Polonia, mercado emerxente, en clara competición co limousín.

Doutra banda, é de destacar tamén a exportación de seme a Sudamérica, especialmente a Brasil, cuxo volume anual sitúase ao redor das 50.000 doses e “in crescendo”.

¿Como influíu o feito de que a raza Rubia Galega sexa a caste de carne máis empregada en cruzamentos industriais á hora de posicionala no mercado?

As dúas razas de maior censo en Galicia son a Frisona (raza de leite) e a Rubia Galega (raza de carne). Ambas as dúas razas utilízanse maioritariamente en cruces de raza pura, aínda que é destacable tamén o cruzamento industrial entre as dúas.

Pero sobre todo o máis destacable é que numerosos estudos técnicos elaborados por distintos centros de investigación (USC, CIAM, etc) demostran as vantaxes do cruzamento industrial do gando frisón con Rubio, fronte a outros cruces con outras razas cárnicas. Estas vantaxes refírense tanto a rendementos produtivos, como a calidades da canle e da carne.

Todo iso dá lugar a un bo posicionamento da carne deste cruzamento industrial no mercado, en sa competencia cos outros cruces.

Segundo palabras súas “fóra de Galicia a Rubia Galega estalle comendo terreo a outras razas”. ¿Cales son as características que a converten nunha marca tan exitosa?

O éxito da raza Rubia Galega está sen dúbida nos seus excelentes rendementos produtivos e nas súas excepcionais cualidades cárnicas.

Así mesmo, a Rubia Galega achega no cruzamento con outras razas unha precocidade que permite o sacrificio de terneiros a idades máis temperás -co aforro económico que iso supón- mantendo ou mellorando as características organolépticas da carne.

Para valorar a contribución de ACRUGA ao desenvolvemento rural de Galicia podería indicarnos as principais cifras que avalan a súa actividade: censo actual de animais, número de explotacións adscritas, número de gandeiros que integran a asociación, área de difusión...

En Galicia, o censo da raza Rubia Galega supera as 60.000 cabezas, das cales o 55% son vacas reprodutoras. O censo de explotacións sitúase preto das 2.800 ganderías adscritas á Asociación, cunha densidade media de 22 cabezas por explotación. O 70% deste censo sitúase na provincia de Lugo, zona gandeira de carne por excelencia, aínda que as provincias de Ourense e A Coruña son zonas potenciais nas que se nota un incremento anual da presenza da nosa raza.

O Centro de Recría de Gayoso Castro (Castro de Rei, Lugo) e a Nave de Testaxe de Adai (O Corgo, Lugo), son a confirmación de que ACRUGA aposta pola mellora xenética.

¿Que valor engadido lle aporta a mellora da xenética da Rubia Galega ao mercado?

A raza Rubia Galega é unha raza autóctona de fomento, isto quere dicir que ten un censo máis que suficiente para que non exista perigo de desaparición da raza. Polo tanto, as liñas de actuación principais deben ir encamiñadas cara á obtención duns reprodutores selectos a través de programas de mellora da raza e das súas produtividades, que no caso concreto da Rubia Galega están avalados e apoiados polo Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.

Para iso é fundamental a selección de candidatos a futuros reprodutores que cumpran estritos criterios mellorantes da raza. Estes candidatos a futuros reprodutores selectos son animais novos, de 7 a 9 meses de idade, seleccionados nas explotacións de orixe e que son recriados, os machos na Nave de testaxe de Adai e as femias no Centro de recría de Gayoso Castro. No caso concreto dos machos, na nave de testaxe, mensualmente son sometidos a probas de velocidade de crecemento e de conversión dos alimentos, de tal modo que os mellores destes animais xa selectos de seu,



son trasladados a Xenética Fontao, onde actuarán como sementais produtores de seme para inseminación artificial.

Ademais, o feito de que a raza teña un programa de mellora significa que todos os animais desta raza teñen unha valoración xenética na que se inclúen unha serie de parámetros moi variados e complexos. Este feito por si mesmo é o que engade valor a estes animais, xa que os animais cruzados non teñen este valor xenético. Ademais, por estar inscritos no Libro Xenealóxico e ser sometidos a probas de xenotipado, entre outras, garántese dun xeito máis eficiente a trazabilidade do produto no mercado.

O pasado exercizo foi reelixido de novo como presidente de ACRUGA. ¿Con qué proxectos de futuro encara esta segunda etapa?

Moito foi o traballo e os logros, que coa axuda e colaboración dos gandeiros, ACRUGA desenvolveu na miña etapa anterior como presidente, sendo un dos logros do que me sinto máis satisfeito o acordo que acadamos coa Deputación de Lugo, mediante o cal se creou o Centro de Recría de Xovencas, que tanto éxito está a ter, sobre todo polo beneficio económico que representa para o gandeiro en particular e pola mellora xenética que supón para ACRUGA en xeral. Neste senso, agradezo profundamente o

traballo realizado polo equipo directivo que me acompañou neses catro anos, sen cuxo labor non sería posible ter levado a cabo estes proxectos.

Pero nesta nova etapa, cun equipo novo cargado de enerxía, afrontamos proxectos máis ambiciosos aínda, como potenciar o Programa de mellora da raza a partir da introdución de novas tecnoloxías (xenómica, transferencia de embrións, etc.), afianzar os servizos de asesoramento facilitados aos socios e crear novas prestacións de interese para o gandeiro, consolidar o rabaño de elite e o Centro de recría nas novas instalacións que a Deputación de Lugo proxectou a través do convenio con ACRUGA, desenvolver actuacións a prol da valorización e comercialización da carne de raza Rubia Galega, como o recente convenio asinado coa IXP Ternera Gallega, intensificar a expansión da raza Rubia Galega e a comercialización do material xenético, manter e fomentar as negociacións coas administracións públicas para asinar convenios de colaboración de interese para todas as explotacións rexistradas en ACRUGA -especialmente coas Deputacións Provinciais-, estudar e formalizar acordos con empresas, públicas ou privadas, para adquisición de bens e servizos vantaxosos para os gandeiros de ACRUGA (seguros, carburantes, etc.), etc..

No mes de febreiro recibiron o XI premio Aresa de Desenvolvemento Rural. ¿Qué supón para ACRUGA a concesión deste recoñecemento?

O premio ARESA é un prestixioso galardón e un dos máis importantes do eido agrogandeiro en España. Pero sobre todo é unha gran honra, porque con este premio recoñécese unha traxectoria de traballo encamiñada a favorecer un patrimonio xenético que contribúe ao desenvolvemento da actividade agraria galega. En calquera caso, non se trata de autocontemplarnos no xa realizado, senón que cando che recoñecen un traballo dánche alento para seguir adiante, con máis empuxe se cabe e afrontas os obstáculos e os retos con máis entusiasmo.

O pasado mes de novembro ACRUGA e Ternera Gallega asinaron un convenio de colaboración que permitiu a posta en marcha da marca Ternera Gallega Suprema-Carne de Rubia Ga-

lega. ¿Que valoración fai da sinatura deste acordo histórico e como cre que influirá na produción e comercialización da carne de calidade de Galicia?

A valoración é moi positiva. ACRUGA xa participou nos inicios de Ternera Gallega e nestes anos, como bos irmáns, houbo luces e sombras na relación. Pero a firma deste convenio consolida a conexión entre as dúas entidades ao tempo que vai impulsar a produción de carne de calidade, co beneficio para os produtores de raza Rubia Galega que elo supón. Recollendo as palabras do propio presidente da IXP, "a marca Ternera Gallega Suprema-Carne de Rubia Galega vai representar a máxima esencia da produción cárnica galega".

Confiamos que a nova marca vai fortalecer a promoción e difusión da raza. Todos sabemos como está o sector do vacún de carne na actualidade, pero estamos seguros que o futuro está na aposta polos produtos de calida-

de e as razas que os producen, e, nese sentido, estamos "avantaxados", máis aínda desde a firma deste convenio.

¿Que aportará esta nova marca ao consumidor? ¿Que medidas garantirán ao consumidor final a calidade e transparencia do produto?

Todos sabemos que Ternera Gallega é a carne de calidade máis demandada a nivel estatal. A identificación da orixe racial desta marca vai garantir unha maior fiabilidade ao consumidor de carne de calidade, reforzando e fidelizando a confianza depositada na IXP Ternera Gallega. Non hai que esquecer que aos controis rigorosos de Ternera Gallega, hai que engadir os controis de ACRUGA, polo que a trazabilidade do produto traspasa os límites do animal de orixe, chegando ata os seus devanceiros. ¿Pódese pedir maior trazabilidade e garantía?. Para o consumidor, a seguridade da calidade do produto é máxima.

